



INSTRUCCIONS DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A APLICACIÓN DO CALENDARIO DE FIN DE CURSO NOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA, E CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA.

A Orde de 24 de maio de 2013 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece o calendario escolar que rexerá para o curso 2013/2014 nos centros docentes sostidos con fondos públicos. No seu artigo 5º, punto 3, determina que as actividades lectivas realizaranse entre os días 16 de setembro de 2013 e 30 de xuño de 2014.

Tendo en conta as particulares características organizativas dos conservatorios profesionais e superiores de música, en tanto que centros de Ensinanzas de Réxime Especial de perfil diferenciado, cómpre ditar as seguintes instrucións para a organización destas ensinanzas no mes de xuño do presente ano 2014.

Calendario de fin de curso nos Conservatorios Profesionais de Música e de Danza.

- 1.1. No caso de alumnado matriculado no 6º curso de Grao Profesional e/ou que estea a cursar o segundo curso de Bacharelato, a avaliación das materias cursadas no plan de estudos do Conservatorio Profesional de Música e de Danza realizarase entre o 19 e 21 de maio, ámbolos dous incluídos, ao efecto de facilitar no seu caso o remate dos estudos e a inscrición nas probas de acceso ás Ensinanzas Superiores e Universitarias.
- 1.2. A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 6 de xuño, inclusive.
- 1.3. A avaliación final, de ámbolos dous graos, elemental e profesional, desenvolverase entre o 9 e o 13 de xuño, en datas e horarios a determinar polos centros. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 13 de xuño.
- 1.4. As probas de acceso aos graos elemental e profesional, desenvolveranse na segunda quincena de xuño, segundo se establece na normativa de acceso respectiva, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros.

Calendario de fin de curso nos Conservatorios Superiores de Música.

- 1.5. Alumnado do plan LOXSE
 - 1.5.1. A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 6 de xuño, inclusive.
 - 1.5.2. A avaliación final desenvolverase entre o 9 e o 16 de xuño, en datas e horarios a determinar polos centros. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 16 de xuño.



1.6. Alumnado do plan LOE

1.6.1. O calendario desenvolverase segundo o previsto na Circular 6/2013, no punto 9.7.

1.6.2. Deben observarse os procedementos sobre realización de probas ordinarias e extraordinarias que se establecen na Circular 6/2013, no seu punto 10.

1.7. As probas de acceso ao 1º curso realizaranse a partir do día 25 de xuño, de acordo co calendario que se estableza na Resolución de convocatoria destas probas.

Cada centro organizará as restantes actividades académicas de acordo co seu proxecto de organización en función do presente calendario. As datas indicadas nas presentes instrucións para o desenvolvemento das distintas actividades de fin de curso non se poderán adiantar en ningún caso; non obstante, e por motivos xustificados, poderase solicitar o retraso das mesmas, que deberá de contar coa autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección respectivo.

En Santiago de Compostela, a 4 de abril de 2014.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Marta González López